

Cada 17 de maio celebramos o Día das Letras Galegas, unha data que conmemora a edición de Cantares Gallegos de Rosalía de Castro en 1863.

Co gallo da festividade do día das Nosas Letras, dende o centro de día Ferrol- Caranza animámosvos a participar no Primeiro concurso de relatos curtos Ferrol-Caranza co fin de fomentar a creatividade literaria en galego e así homenaxear ao poeta Don Florencio Delgado Gurriarán.

Bases:

1 Participantes:

Poderá participar calquera persoa usuaria de calquera centro de día da comunidade autónoma galega que así o desexe, presentando un máximo dun relato por persoa.

2 Obras

O tema será: as tradicións galegas. E deben estar escritos en lingua galega. A extensión mínima do relato será de 500 verbas, e non excederá das 1000.

As obras achegaranse a través da dirección de correo electrónico:

centrodediadecaranza@eulen.com en formato PDF, tamén se poden enviar en formato físico, o seguinte enderezo: Rúa Xoán de Austria S/N 15406 Caranza Ferrol A Coruña

3 Prazos

As obras poderanse achegar ata o 31 de maio de 2022. O xurado estará composto por cinco persoas usuarias do Centro de día Ferrol-Caranza

4 Votación xurado

A votación realizarase o día 1 e notificarase o centro gañador via email.

5 Premio

Outorgaranse premio ao mellor relato curto. Tódolos centros recibirán un certificado acreditando a súa participación no concurso, e o centro gañador, un agasallo feito polas persoas usuarias.

¡Esperamos a vosa participación !